

Artigo 2º

Ordenar a inscrición da *Fundación Vigo Convention Bureau* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Economía e Industria, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Artigo 3º

Esta fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial á obriga de darlles publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar, a través da memoria anual, o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o plan de actuación con anterioridade ao inicio do exercicio económico correspondente.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 22 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a data do sorteo para determinar a composición das comisións que deberán valorar os méritos presentados polos participantes nos concursos xerais de traslados.

A base décimo sétima da Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e de inspectores de educación do departamento de orientación, e a base oitava da Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres, establecen que para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ás publicacións, constituirase unha ou máis comisións, constituídas por unha presidencia designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e catro vogais designados por sor-

teo público entre o persoal funcionario de carreira do corpo correspondente.

Ao resultar necesario facer pública a data e a hora en que terá lugar o sorteo público, de acordo co preceptuado nas referidas ordes, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

RESOLVE:

Primeiro.-No corpo de mestres constituirase unha única comisión, que avaliará todas as especialidades.

Segundo.-Nos restantes corpos constituiranse as seguintes comisións:

-2 comisións das especialidades de letras.

-1 comisión das especialidades de ciencias.

-1 comisión de tecnoloxía.

-1 comisión de prácticas de FP.

-1 comisión de conservatorios de música e artes escénicas.

-1 comisión de escolas oficiais de idiomas.

-1 comisión de escolas de artes plásticas e deseño.

-1 comisión de inspección educativa.

Terceiro.-O sorteo terá lugar na sala de xuntas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, Santiago de Compostela, o día 18 de xaneiro de 2010, ás 10.00 horas.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Dirección xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 444/2009, do 30 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2009 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

O dereito transitorio da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma, prevé a realización de tres procesos selectivos para o acceso á condición de persoal sanitario funcionario incluído no seu ámbito de aplicación, garantindo o dereito a continuar prestando servizos como persoal interino a aquel que no momento da súa entrada en vigor teña tal condición e mentres non se executen os ditos procesos selectivos.

O distinto ritmo seguido nas reformas estruturais da sanidade galega motivou o feito de que para

algunhas clases xa se realizasen os tres procesos selectivos, mentres que noutras aínda queden pendentes algúns deles.

Así, na clase de inspectores médicos convocáronse e resolvéronse dous procesos selectivos, polo que resulta necesario afrontar o terceiro deles, dando así cumprimento ao mandato legal.

Pola súa parte, na clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública só se convocou e resolveu o primeiro dos procesos selectivos previstos, polo que igualmente resulta necesario afrontar o segundo deles.

Por último, e aínda que nas clases de inspectores farmacéuticos e subinspectores sanitarios, para as cales se convocaron e resolveron un proceso selectivo para a primeira das clases e dous para a segunda, non existe persoal interino con dereito a continuar prestando servizos como tal mentres non se executen os ditos procesos selectivos, existen postos de traballo vacantes ocupados por persoal interino que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais e non poden ser cubertos con efectivos de persoal existentes na actualidade, polo que resulta igualmente necesario afrontar un novo proceso selectivo, aínda que xa non será en execución do devandito dereito transitorio.

En consecuencia, tendo en conta os postos de traballo vacantes nas distintas clases de persoal sanitario funcionario que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais, de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cómpre a aprobación da oferta de emprego público para o ano 2009 relativa ás diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Sanidade, logo de negociación coa representación sindical no seo da Mesa Xeral de Empregados Públicos, logo de informe da Mesa Sectorial de Negociación do Persoal Sanitario ao servizo da comunidade autónoma e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de decembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público.

De conformidade co disposto no artigo 13.8 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, así como no artigo 31 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, apróbase a oferta de emprego público do persoal sanita-

rio funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, nas clases de farmacéuticos inspectores de saúde pública, inspectores farmacéuticos, inspectores médicos e subinspectores sanitarios, nos termos que se establecen neste decreto.

Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público.

Na oferta de emprego público inclúense as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas con efectivos de persoal existentes na actualidade e que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais, segundo a distribución que se detalla no anexo deste decreto.

Artigo 3º.-Persoas con discapacidade.

1. Nos procesos selectivos para o ingreso nas clases de persoal sanitario funcionario serán admitidas as persoas con discapacidade nos termos previstos neste artigo e no resto da normativa aplicable.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas e/ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. De conformidade co establecido na disposición adicional sétima do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, antes citado, reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no artigo 1.2. da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións, de modo que, progresivamente, se acade o dous por cento dos efectivos totais da Administración da Xunta de Galicia.

A reserva farase sobre o cómputo total das vacantes incluídas nesta oferta de emprego público e poderán concentrarse as prazas reservadas para persoas con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a clases cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas con discapacidade. Poderanse excluír desta reserva aquelas que se consideren incompatibles coas tarefas ou funcións que requiran os postos de traballo, sen que a cota de reserva total se vexa alterada.

Cando da aplicación da porcentaxe resulten fraccións decimais redondearase por exceso para o seu cómputo.

O número de prazas reservadas quedará recollido na correspondente convocatoria.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non acadaren a taxa do tres por cento das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento.

3. As probas selectivas realizaranse en condicións de igualdade co resto dos aspirantes de promoción interna ou de acceso libre, segundo corresponda. Non obstante o anterior, no desenvolvemento das probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo e de medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, para asegurar que estas persoas participen en condicións de igualdade. Nas convocatorias indícarase expresamente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación.

Para tal efecto, os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes.

4. As convocatorias deberán incluír a posibilidade de que, unha vez cubertas as prazas desta cota, os aspirantes que superasen o proceso selectivo, pero non obteñan praza pola cota de reserva, poidan optar, en igualdade de condicións, ás prazas do sistema de acceso libre.

5. Os aspirantes que superasen o proceso selectivo pola cota de prazas reservadas a persoas con discapacidade poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a devandita alteración cando estea debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

Artigo 4.-Comisións ou grupos de traballo.

1. O órgano convocante, en atención ao elevado número de aspirantes, poderá nomear comisións ou grupos de traballo para realizar as tarefas auxiliares de carácter técnico ou organizativo que lle sexan encomendadas, sen que a súa actuación afecte as competencias e a autonomía dos tribunais de selección.

2. Os membros destas comisións ou grupos de traballo absteranse de intervir no procedemento cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os membros das comisións ou grupos de traballo percibirán as asistencias previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia ou norma que a substitúa.

Para tal efecto, serán clasificados conforme o artigo 26.2 do devandito decreto.

Disposición adicional

Primeira.-As convocatorias adaptaranse ás previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, en relación coas condicións de emprego da Administración pública.

Segunda.-De conformidade co disposto no artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a execución da presente oferta de emprego público desenvolverase dentro do prazo improrrogable de tres anos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Consellería de Sanidade para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de decembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijoo
Presidente

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Corpo, escala, clase:

1. Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia.
 - 1.1. Escala de saúde pública e administración sanitaria.
 - 1.1.1. Clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública. Nº de postos de traballo: 10.
 - 1.1.2. Clase de inspectores farmacéuticos. Nº de postos de traballo: 3.
 - 1.1.3. Clase de inspectores médicos. Nº de postos de traballo: 10.
 2. Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia.
 - 2.1. Escala de saúde pública e administración sanitaria.
 - 2.1.1. Clase de subinspectores sanitarios. Nº de postos de traballo: 3.